

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL CUNTIS

Subvencións

BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO 2015

Disposicións Xerais:

Estas bases teñen por obxecto establecer os criterios e o procedemento para conceder as subvencións municipais a entidades sen ánimo de lucro para a realización de actividades en 2015, de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, libre concorrencia, non discriminación e igualdade, para a prestación de servizos e a realización de actividades que complementen ou suplan ás atribuídas á competencia municipal; ou que, en xeral contribúan ao fomento dos intereses xerais ou sectoriais dos/as veciños/as do Municipio.

Os fins indicados anteriormente efectuaranse de conformidade coa normativa aplicable especialmente prevista nos artigos; 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local; 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local; 40.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais; Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións; e Bases de Execución do Orzamento vixentes.

As subvencións obxecto desta convocatoria efectuaranse con cargo ás partidas orzamentarias 334/48901, do orzamento para o ano 2015 sen que poidan exceder no seu conxunto de 5.000,00 euros.

1.—Obxecto da subvención

Poderán ser obxecto de subvencións as seguintes actividades:

- Deportes: Gastos de organización de actividades deportivas ou relacionadas coa promoción do deporte e gastos de organización de actividades en xeral.
- Xuventude: Actividades dirixidas á mocidade
- Fomento do asociacionismo: Gastos na organización de actividades que fomenten o asociacionismo (veciñal, cultural, xuvenil...) en materia de ocio e tempo libre.



- Cultura: Actividades relacionadas co achegamento á comunidade das artes plásticas, literatura, teatro, música, divulgación das ciencias e demais manifestacións culturais e artísticas.

Quedan excluídos da presente convocatoria e, por tanto, non serán obxecto de subvención as seguintes actividades:

- As actividades subvencionadas, no mesmo exercicio, a través doutras convocatorias de subvencións ou axudas do Concello de Cuntis.
- Os gastos de funcionamento das entidades, os gastos correntes e as actividades xerais que se realizan ao longo de todo o ano.
- Os gastos gastronómicos, excepto naqueles casos que garden relación directa coa actividade e sexan necesarios para a mesma.

O período que se terá en conta para a realización das actividades será desde o 1 de xaneiro até o 30 de novembro de 2015, sen posibilidade de prórroga.

2.—Beneficiarios/as

As destinatarias das subvencións serán entidades que cumpran os seguintes requisitos:

- 1.—Estar legalmente constituídas
- 2.—Carecer de ánimo de lucro
- 3.—Desenvolver as súas actividades no termo municipal de Cuntis
- 4.—Estar inscritas no Rexistro de Asociacións do Concello de Cuntis na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes destas subvencións.

3.—Documentación para a solicitude

Cada entidade solicitante presentará un único proxecto, que poderá englobar unha ou varias das actividades previstas no artigo 1 desta convocatoria.

A solicitude deberá incluír:

- 1.—Instancia en modelo normalizado asinada polo/a presidente/a da entidade na que conste a contía da subvención que se solicita.
- 2.—Memoria explicativa na que se detallen as actividades que integran o proxecto para o que se solicita a subvención. Nesta memoria haberá que incluír como mínimo: obxectivos, a quen vai dirixido e número previsto de destinatarios/as, data e lugar de celebración previstos.



3.—Presuposto detallado (global e por conceptos) dos gastos ocasionados polo proxecto para o que se solicita a subvención e dos ingresos previstos para o seu financiamento (cotas, donativos...)

4.—Declaración de se solicitaron ou lles foron concedidas outras subvencións para o mesmo proxecto procedentes de calquera administración, ente público ou privado, obrigándose a comunicar aquelas concedidas con data posterior á presentación da solicitude.

5.—Certificación dos datos bancarios da entidade solicitante.

6.—Certificación do secretario da asociación ou declaración xurada de que se atopan ao corrente nas súas obrigas fiscais (Facenda, Hacienda e Concello de Cuntis), e coa Seguridade Social.

7.—Declaración xurada de que a asociación non está incurso en causa algunha de incompatibilidade ou prohibición das mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións

Se se apreciasen defectos de forma ou documentación incompleta, requirirase a corrección ou rectificación no prazo de dez días, quedando excluídos do procedemento no caso de non efectuarse estas, de conformidade co disposto no art.71 da Lei 30/92 do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

4.—*Prazo de solicitudes*

As entidades interesadas poderán solicitar as subvencións no prazo de dez días naturais contados a partir do día seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Se o último día do prazo fora inhábil, prorrogarase ao primeiro día hábil seguinte.

As solicitudes de subvención formalizaranse nos impresos oficiais aprobados e facilitados aos/ás interesados/as polo Concello e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos procedementos establecidos no art. 38.4 da Lei 30/92 do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

5.—*Concesión de subvencións*

Establécese como Órgano Instructor, e encargado de formular a proposta de resolución e demais facultades recollidas no artigo 21 da Lei 9/2002, ao órgano colexiado creado ao efecto e integrado polos seguintes membros:

Presidente: Concelleiro de Cultura, Turismo, Comercio, Normalización Lingüística, Educación e Xuventude.



Vocais:

- Técnica de Cultura do Concello de Cuntis
- Secretaria da Corporación.
- Interventor

Secretario/a: Un/ha funcionario/a da Corporación que actuará con voz pero sen voto.

O Órgano Colexiado examinará cada unha das solicitudes presentadas, e aplicará os criterios de valoración fixados nestas bases, a fin de establecer unha relación entre as mesmas e formular a correspondente proposta de adxudicación a prol daquelas que obtiveran maior puntuación.

A proposta de adxudicación deberá expresar a relación de solicitantes para os que se propón a concesión de subvención, a súa contía individual, así como a puntuación obtida por cada un, por aplicación dos criterios de valoración.

O órgano competente para a resolución das solicitudes de subvención é o Concelleiro de Cultura, Turismo, Comercio, Normalización Lingüística, Educación e Xuventude do Concello de Cuntis, previa proposta do Órgano Colexiado designado ao efecto, de acordo cos seguintes criterios de avaliación ponderables, que serán aplicados á vista da documentación presentada polos/as solicitantes

6.— *Valoración e concesión*

Para adxudicar as axudas teranse en conta os seguintes criterios:

- 1.—O carácter continuado e non ocasional do proxecto : máximo 3 puntos
- 2.—A súa proxección social (persoas beneficiarias e ámbito de influencia): máximo 5 puntos.
- 3.—Proxectos que contribúan á difusión do idioma e a cultura galega: máximo 3 puntos
- 4.—Mantemento de tradicións e manifestacións culturais, deportivas e artísticas locais: máximo 3 puntos
- 5.—Que as actividades estean dirixidas non só aos asociados da entidade senón á poboación xeral e nas mesmas condicións: 5 puntos
- 6.—O grado de coordinación e complementariedade cos programas desenvolvidos por este Concello a través das área de cultura municipal, así como a colaboración no desenvolvemento de actividades municipais de utilidade pública e social (deportivas, culturais, educativas...): máximo 15 puntos



7.—Colaboración con outras entidades, sexan de Cuntis ou doutros concellos, na organización e posta en marcha das actividades: 2 puntos

8.—A calidade dos proxectos, o seu carácter innovador e a adecuación ás necesidades ou demandas da poboación destinataria: máximo 5 pts

9.—Proxectos que incidan directamente na dinamización sociocultural e deportiva do medio rural: máximo 5 puntos.

10.—Orzamento total da actividade e porcentaxe solicitada de financiamento: máximo 15 puntos.

A contía a percibir será proporcional aos puntos acadados, para o cal primeiro realizarase o outorgamento de puntuacións e posteriormente asignarase o importe segundo os puntos obtidos tendo en conta que o importe de cada subvención individualmente concedida non poderá superar os 1.000 euros, nin o 50% do investimento subvencionable. Para poder optar a unha subvención o proxecto deberá acadar un mínimo de 10 puntos.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, ben illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutros organismos públicos ou privados, supere o custo total da actividade a desenvolver pola entidade beneficiaria.

A resolución da concesión será notificada ao/á interesado/a no prazo de tres meses unha vez expirado o prazo de presentación de solicitudes. A falta de resolución expresa producirá efectos desestimatorios, e contra a desestimación expresa ou presunta poderán formularse os recursos que procedan.

7.—Obrigas dos/as beneficiarios/as

Son obrigas do/a beneficiario/a:

— Realizar todas as actividades do proxecto que fundamentaron a concesión da subvención e acreditar a súa realización.

— Xustificar o cumprimento dos requisitos, así como a realización do proxecto e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da subvención.

— Destinar a subvención exclusivamente aos fins para os que foi concedida, quedando expresamente prohibida calquera alteración do destino non autorizada polo Concello.



— Só se subvencionarán proxectos que estean correctamente realizados en galego, segundo o disposto na lexislación vixente (disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, e Decreto 173/1982, do 17 de novembro), e nas normas ortográficas e morfolóxicas aprobadas pola Real Academia Galega na sesión plenaria do día 12 de xullo de 2003).

— Os proxectos subvencionables respectarán rigorosamente a toponimia oficial de acordo co preceptuado no artigo 10 da citada Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística

— O sometemento ás actuacións de comprobación do Concello da efectiva realización das actividades para as que se concede a subvención.

— Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

— Facilitar canta información sexa requirida polo Concello, polo Tribunal de Contas ou a intervención municipal.

— Acreditar, na fase de xustificación e de pago de subvención, que está ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello, das súas obrigas tributarias (Facenda e Hacienda) e fronte á Seguridade Social, situación a primeira que se apreciará de oficio por este Concello, sen prexuízo da esixencia da certificación neste senso polo secretario da asociación.

— Dispoñer dos libros contables e demais documentos debidamente auditados nos termos da lexislación mercantil.

— Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos.

— Sinalar en todo tipo de publicidade que a actividade subvencionada conta co financiamento do Concello de Cuntis.

— Proceder ao reintegro dos fondos recibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

8.—Documentación para a xustificación e cobro das subvencións

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos na concesión da subvención documentarase a través da rendición da conta xustificativa, que constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se deben incluír, baixo a responsabilidade do declarante, os xustificantes do gasto ou calquera outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxectivo da subvención.



Esta conta xustificativa deberá recoller:

1.—Facturas regulamentarias (con todos os requisitos esixidos polo R.D. 1496/2003) ou documentos do valor probatorio equivalente no tráfico mercantil.

2.—Unha memoria na que se declararán as actividades realizadas que foron financiadas coa subvención, e o seu custo, co desglose de cada un dos gastos nos que incorra e os resultados obtidos.

3.—Memoria económica xustificativa que deberá conter: provedor, CIF, número de factura, concepto, data de emisión, importe e, no seu caso, data de pago.

Nesta conta xustificativa deberá quedar suficientemente acreditado que os gastos subvencionados foron efectivamente pagados pola entidade beneficiaria.

As entidades que resulten beneficiarias deberán achegar xustificación para o cobro da subvención con data límite 10 de decembro, sen posibilidade de prórroga, quedando anulada a subvención unha vez transcorrido o prazo.

Para o cobro das subvencións as entidades presentarán, xunto coa conta xustificativa, a seguinte documentación:

1.—De renunciar a esa axuda terá que comunicar esta circunstancia no prazo improrrogable de 30 días, contados a partir da comunicación da resolución á entidade.

2.—Certificación do/a secretario/a da entidade co visto e prace do/a presidente/a do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, na cal se especifique claramente o concepto subvencionado. De ser afirmativa, deberá expresar os importes e a súa procedencia. No caso de que se lle conceda outra subvención por esta mesma finalidade no prazo de vixencia da presente convocatoria, a entidade está obrigada a comunicalo.

3.—Facturas dos gastos en orixinal ou fotocopias compulsadas, debendo alcanzar o importe total da actividade subvencionada.

A presentación de copias compulsadas seguirá o seguinte procedemento:

1.—A factura orixinal será compulsada no Concello de Cuntis.

2.—No momento da compulsa o funcionario encargado da mesma realizará a seguinte dilixencia, que constará en ambos documentos (na factura orixinal e na copia)



Esta factura foi utilizada no Concello de Cuntis para a xustificación da subvención... por importe de

3.—Poderase incluír na dilixencia un importe inferior ao total da factura, co obxecto de que parte da mesma xustifique esta subvención e o importe restante se use para xustificar outras subvencións.

As facturas deberán emitirse a nome da asociación e cumprir os requisitos establecidos no Real Decreto 1.496/2003 polo que se regulan as obrigacións de facturación.

4.—Mostras materiais da realización do proxecto subvencionado (informe de prensa, disquetes, publicacións, fotografías lexibles, vídeos, gravacións magnetofónicas, etc.) e do correcto emprego do galego.

5.—Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou autorización para a comprobación das mesmas (Facenda, Hacienda e Concello de Cuntis).

Só se admitirán xustificantes relativos a gastos de material e servizos necesarios para a realización da actividade subvencionada, consonte o expresado na memoria descritiva e no orzamento presentados xunto coa solicitude.

Con carácter xeral, non terán a consideración de subvencionabeis os conceptos que a seguir se relacionan:

— Adquisición de material inventariable (ordenadores, cámaras, etc.); consumibles (cartuchos de tinta, disquetes, carretes de fotografías, cintas, etc.); material de oficina (bolígrafos, archivadores, etc.)

— Compra de libros, material didáctico ou vestiario, con distintos fins dentro das accións que se propoñan. Só se aceptará este tipo de gasto cando se acredite que resulta imprescindible para a realización do proxecto (o que se fará constar na memoria que se xunte á solicitude) e sempre que no concepto das facturas que se acheguen conste a actividade desenvolvida.

— Gastos de teléfono, manutención, aloxamento, quilometraxe ou similares

— Alugueres dos locais da entidade e gastos correntes de funcionamento.

— Gastos relativos á celebración de ágapes e actos análogos (salvo no caso da subvención a festas gastronómicas)

Na elaboración de revistas, voceiros, boletíns, folletos e similares, o gasto xustificárase preferentemente con facturas expedidas por imprentas e coas relativas á súa distribución, de ser o caso.



Non se admitirán facturas de bebidas alcohólicas, tabaco ou calquera outro produto considerado lesivo para a saúde. De igual xeito, nas excursións ou viaxes culturais, poderán xustificarse os gastos de desprazamento e organización de actividades culturais paralelas (guías, museos...) pero non serán admisibles os de alimentación, comida ou pernocta.

En ningún caso se admitirán como xustificantes de gastos:

- Facturas onde non consten claramente os conceptos obxecto da subvención.
- Facturas que conteñan conceptos non subvencionables (aínda que dentro das mesmas consten conceptos subvencionables).
- Facturas que non veñan presentadas en tempo e forma.
- As cantidades satisfeitas ao Concello por calquera concepto.

Á vista da documentación xustificativa presentada, previo informe de Intervención, o órgano competente estimará o cumprimento das actividades ou inversión subvencionada, e se a documentación é correcta procederase ao pago da subvención.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa corrección.

O importe da subvención reducirase proporcionalmente aos gastos non xustificadas correctamente.

O pago da subvención efectuarase mediante ingreso na conta sinalada pola entidade.

9.—Reintegro de subvencións

Procederá o reintegro do total ou parte das cantidades percibidas desde o momento do pago da subvención, nos casos previstos nos artigos 36 e 37 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

Disposicións Finais

Os/as beneficiarios/as das subvencións quedarán sometidos/as ás responsabilidades e réxime sancionador establecido nos capítulos I e II do título IV da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, e no artigo 40 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, e demais normas concordantes.

Cuntis, 6 de outubro de 2015.—Técnica de Cultura e Xuventude, M^a. del Carmen López Campos.

